


Parte 1: Mensaxería


Funcionalidade das aplicacións espazoAbalar e abalarMóbil.

Parte 2: Xustificación de faltas e solicitude de titorías.

Unha vez que se entra dentro do Espazo Abalar //Na zona Espazo Profesorado, coas nosas claves, estas son as ferramentas que temos para comunicarnos coas familias, sempre e cando eles teñan a aplicación descargada nos seus smartphones.



Temos unhas ACCIÓNS e terá a opción de seleccionar aqueles grupo onde é titor e o grupo onded é profesor-



★ **Cáles son as ACCIÓNS que podemos facer?**

- Xestión de subscricións.
- Incidencias de aula.
- Avisos a grupos de alumnos /as.
- Avisos e notificacións
- Citas de titoría.
- Espazo titorías.
- Mensaxería.(FEITO ANTERIORMENTE_vídeo)

Permite o acceso á xestión de subscricións, incidencias na aula, avisos a grupos de alumnos/as, avisos e notificacións ou citas de titoría. No caso de que estea utilizando a aplicación como titor/a dun grupo terá habilitadas todas as funcionalidades. Se pola contra, seleccionou un grupo do que é profesor/a (e non titor/a), non terá habilitadas as funcionalidades de citas de titoría

★ Como titor/a ten a posibilidade de xestionar as subscricións no referente 1- á **xustificación de faltas** e 2- a **solicitude de titorías** por parte dos responsables dos alumnos.

Esta opción permítelle recibir un correo* cos **xustificantes das faltas** realizados polos responsables dos alumnos/as a través do espazo Familias

Esta funcionalidade ofrece a posibilidade de que os responsables dos alumnos/as poidan **solicitar unha cita de titoría**, e esta quedará rexistrada no apartado de *citas de titoría* e a confirmación ou anulación tamén será remitida por correo

Como profesor pode subscribirse ás distintas funcionalidades que ofrece o portal


- Acepta a xustificación de faltas a través do portal
Con esta funcionalidade os responsables dos alumnos poderán xustificar as súas faltas a través do portal, a vostede chegaralle un correo coa xustificación
- Acepta a solicitude de titorías por parte dos responsables dos alumnos
Con esta funcionalidade os responsables dos alumnos poderán solicitar unha cita de titoría con vostede

Gardar

Moi importante!



- ★ Os xustificantes enviaranse ao correo electrónico rexistrado no apartado de datos persoais, polo xeral o correo da Xunta de Galicia.
- ★ No espazo Abalar , espazo Profesorado permite aos titores/ as xestionar as súas citas de tutoría cos responsables de cada alumno/a.



- ★ Nese apartado detállanse todas as citas solicitadas polos responsables dos alumnos/as- E unha vez que hai unha cita de tutoría poderemos:

Para acceder á información pormenorizada dunha cita en concreto, prema na opción "**Ver detalle**".


Neste apartado poderá:

1. **Confirmar** unha cita de tutoría solicitada por un responsable, sempre que o estado sexa "Pendente"
2. **Anular** unha cita confirmada previamente, detallando os motivos de cancelación
3. Consultar os datos da cita. Se non se desexa realizar ningún cambio no estado da cita prema no botón **Voltar**

Outra acción posible sería **Incidencias na aula** , o titor/ a ou profesor visualiza a todos os alumnos / as aos que imparte clase, o nome dos responsables e se estes están subscritos ou non a este tipo de notificacións. Tamén pode enviar avisos a aqueles responsables que están subscritos e ver as incidencias creadas anteriormente.

Sempre que se abra unha Incidencia sempre hai que premer ao botón de Gardar.

As incidencias para os alumnos vense tanto as feitas por un usuario autenticado , como por outro profesor ou titor, e o creador dunha incidencia poderá eliminar ou modificar a mensaxe.



The screenshot shows a web interface for reporting incidents. At the top, there is a header with the title "Incidencias na aula" in blue. Below the header, the user's name "María José Álvarez Álvarez" is displayed in a light grey bar. To the right of the name, the course "2º Bacha" is indicated with a book icon. The main form area contains three input fields: a text box labeled "Incidencia" with a vertical cursor, a larger text area labeled "Observacións" with a character count "0/1024" on the right, and a checkbox with a textured image. At the bottom of the form is an orange button labeled "Gardar".